



ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA SÁBADO 18 DE NOVEMBRO DE 2023. CSC das Fontiñas

Hora de convocatoria: 10:50h (segunda convocatoria)

Inicio da asemblea: 11:11h (mesmo número de persoas)

Asistentes:

Laura Romero (Presidenta)

Laura Tova (Tesoureira)

Sergio Covelo (Secretario)

Chus Rojo

Bruno Elerre

Augusto Metzli

Eva Agra

Aaron Aaronidas

Iria Ribadomar

María Álvarez

Nuria Díaz

Sandra Lodi

Bernal Prieto

Javi Montes (sumouse sobre as 12.30)

Aida Alonso (Zoom)

Paula Mayor (Zoom)

Sara Carrasco (Zoom)

Sergio Covelo realiza a función de secretario da directiva na Asemblea, substituído a **Alvaro Sempere** (baixa de AGPI) Xunto con Sergio está a presidenta **Laura Romero**. Así dá comezo a mesma empezando polo primeiro punto recollido na seguinte **Orde do Día**:

1. Lectura e aprobación, no seu caso, da acta da asemblea anterior.
2. Informe económico e aprobación, no seu caso, das contas de 2022.
3. Previsións de tesourería para o ano en curso.
4. Repaso das actividades desenvolvidas no exercicio 2022-2023.
5. Proposta de actividades e actuacións para 2023-2024.
6. Presentación de novos candidatos para a xunta directiva
7. Rogos e preguntas.



1. Sergio procede á **lectura completa da anterior acta da Asamblea Xeral Ordinaria 2022**. Trala lectura realízase a votación e apróbase a acta por unanimidade.

2. **Laura Tova**, tesoureira da AGPI, súmase á mesa e procede á lectura dos datos do **informe económico 2022** (punto 2) e fálase da previsión da tesourería (punto 3)

Ingresos: 28.375,09 €

Gastos: -31.373,44€

Balance negativo de -3.159,44 € na conta de perdas e ganancias do ano 2022

Sergio puntualiza que o balance negativo do ano pasado debeuse a gastos adicionais pola realización da **Segunda Edición da Guía Ninja** e do **novo Caderno AGPI**. Estes proxectos están realizados ca colaboración da Deputación da Coruña. Houbo que adiantar 4000 €, prestados por Bernal.

Sobre as **previsións da Tesourería**, Laura comenta o seguinte:

A 6 de novembro hai: 3.919,22 €

Ingresos trimestrais cotas dos socios: 3.400-3.500€

Ingresos pendentes:

Segundo cobro do Convenio 2023: 2.220,00€

Subvención Deputación da Coruña: 4.230,00€

Agárdase un balance positivo do ano en curso semellante ao do 2021.

Trala lectura e explicación, procédese á votación do informe, que resulta aprobado por **unanimidade**.

Sobre as altas e as baixas de socixs: Actualmente somos **112**, dende principios de 2023 houberon 13 baixas fronte a 13 altas.

4. A Presidenta, **Laura Romero**, e **Sergio Covelo** fan o repaso **das actividades realizadas pola AGPI no exercicio 2022-2023:**



- **Día da Ilustración 2023: "María Antonia Dans"**

Colaboración con Unitaria, Imaxinaria (MiiC), AFundación e a Consellería de Cultura (Servizo de Bibliotecas). Enviamos listados e pensamos en cambiar a dinámica do DI por temas orzamentarios (é necesario aumentar o orzamento) e de datas, pois este ano cadrou o DI en lúns.

As actividades para o DI foron as seguintes:

Charlas (Sede de AFundación. Santiago de Compostela)

Dispoñibles no YouTube de AGPI

"María Antonia Dans, creadora e muller comprometida"

Presentadora: **Neves Rodríguez**

Poñente: **Rosario Sarmiento**

"De ruta polos libros de..."

Presentadora: **Neves Rodríguez**

Poñentes: **Bea Gregores** e **David Pintor** Obradoiro de Humor Gráfico por parte de **Santy Gutiérrez** (Unitaria)

Elaboración material expositivo para **"María Antonia Dans. A Maxia da cor"** na Biblioteca de Galicia (Cidade da Cultura. Gaiás, SDC)

Ilustracións de homenaxe a M.A. Dans a cargo dxs socixs **Xoana Almar, Jano** e **Aida Alonso**.

Renovación da web e dos contidos (www.diadailustracion.gal)

Video explicativo a cargo de **Isa Vila** (realización) e **Henrique Torreiro** (guión)

De cara tamén a novas anualidades, comentan que a AGPI soamente pasará **un nome** xa escollido á Xunta, para evitar posibles complicacións na comunicación coa Xunta e axilizar a organización. De feito xa se fixo desta forma para o Día da Ilustración 2024.

- **Guía Ninja da Ilustración (Segunda Edición)**

- Nova web con contidos renovados
- Nova guía con contidos renovados.
- Nova versión impresa en galego



- Edición descargable en galego e castelá
- Vídeos decálogo ninja para RRSS
- Campaña de prensa
- Colaboración ca Deputación da Coruña

Nota de corrección: A segunda edición da Guía Ninja Ven dividida e dous convenios distintos:

Segunda Edición da Guía, novos contidos e versión impresa en galego (Deputación da Coruña)

Renovación da web, vídeos, comunicación, etc. (Consellería de Cultura)

Sergio fai un breve repaso da equipa e do proceso de edición da Nova Guía Ninja e comenta que hai previstas presentacións no futuro próximo.

- **Colaboracións habituais:**

- Xurados do Premio Nacional de Ilustración: Socio elixido como representante de AGPI no xurado: Carlos Arrojo.
- Stand de AGPI no Viñetas dende o Atlántico. Asistido pola socix Lara Ingelmo.
- Consultorio de Isabel Méndez.
- Nortear Ilustrado.

- **Representación de AGPI nas Feiras Internacionais:**

Guadalajara (María Maquieira)

Boloña (Blanca Millán)

Bos Aires (Alberto Guitián)

Menciónase brevemente o paso das persoas responsables de representar á AGPI polas distintas feiras internacionais. Coméntase que o deseño do stand xa non é a cargo de Escenosest senón doutra empresa Senlleiro e que repercutiu nunha estética moito máis anodina e confusa.

- **Celebración de varios Drink and Draw en Vigo e Vilagarcía.**



- **Charlas “Retrato Falado” no IG de AGPI a cargo de Augusto Metzli**

SMoi bo feedback con este formato. Sergio comenta que dende FADIP felicitaron ós encargados das RRSS de AGPI pola súa coherencia (feito na última etapa por Augusto e , en menor medida, por Sergio). Posta en valor da iniciativa de Augusto á hora de presentar estas entrevistas.

Tamén lembra que as socias e socios poden (e é moi recomendable) etiquetar á AGPI @agpilustracion cando actualizan cun traballo as súas redes sociais, especialmente as stories de Instagram, para que a persoa encargada das mesmas as comparta desde a conta da asociación para darlle máis difusión.

- **Participación da presidenta Laura Romero, os ex presidentes Manel Cráneo e Santy Gutiérrez e a nosa socia Sandra Lodi no programa da TVG “A Porta Aberta” adicado a AGPI**

- **XX Encontro Galego de Ilustración**

Escola Municipal de Artes e Oficios

Charla XX aniversario de AGPI coa nosa presidenta **Laura Romero**

“Aquí hai dragóns” Charla con **Tomás Hijo**

Casa del Libro

Presentado por **Neves Rodríguez**

Faladoiro cos socios de honra: José Luis Carreira

Homenaxe aos socios de honra: **Marifé Quesada e**

Xose Lois González “O Carrabouxo”

Charla: “Arte urbanA. Charla de mulleres muralistas”

Moderado por **Eva Agra**, con **Nana (Diana Rodeiro)**,

Lula Goce e Xoana Almar.

Moi boa participación nas dúas xornadas. Ilustracións de homenaxe para xs socixs de honra por parte de **Rebeca Varela (Perdivel)** e **María Montes (Mary Mountain)**



- **FADIP:**

- Participación de FADIP nas mesas do **Estatuto do Artista** (Aprobación o 10 de xaneiro da compatibilidade do cobro da pensión de xubilación co exercicio da actividade artística e percepción de dereitos de propiedade intelectual, engadindo as pensións non contributivas.
- **Exposición Illustre Gestalten 15** en Daarmstadt, a exposición da Feira de Frankfurt 2022 nesta cidade alemana.
- Contratación da avogada Eva Moraga para representar a FADIP nas mesas de negociación do Estatuto do Artista.
- Firma do acordo **FADIP-CEGAL** (Confederación Española de Gremios y Asociaciones de Libreros) para poder acceder á **LibriRed**, a ferramenta de xestión de vendas de CEGAL.
- Celebración da **Asamblea Xeral Ordinaria: Renovación da Xunta Directiva de FADIP e cambio de sede, de Madrid a Euskadi.**

Reparto de cargos:

Presidencia: AEI

Tesourería: APIV

Secretaría: AGPI

Representantes de AGPI en FADIP: **Laura Tova** (Secretaria)

e **Clara Cerviño** (Subsecretaria, entra en substitución de Sergio)

- Apoio á plataformas como **Arte es Ética**, o **EIF** e **EGAIR** para presentar propostas e enmendas no parlamento europeo sobre a coñecida como **AI Act**
- Protesta ante a Feira do Libro de Madrid polo uso de AI xenerativa na súa publicidade.

Laura Tova comenta detalles sobre o exposto nas diapositivas. Medidas que tiveron que saír a marchas forzadas polo posible cambio de Goberno e a idoneidade de Eva Moragas pola necesidade de ter avogada nas mesas do Estatuto do Artista.

5. Sergio Covelo enumera e explica as **propostas de actividades da AGPI para o exercicio 2023-2024:**



- **Implementar o servizo de Safe Creative para xs socixs**

- **Exposición polos vinte anos de AGPI**

Comenta que aínda se está pensando como e onde organizala. Sería moi positivo poder movela por distintos emprazamentos se, por exemplo, se chegase a un acordo con AFundación para que itinerase polas súas diferentes sedes.

- **Reformas nas galerías web e FAQs**

Seguen a ter que facerse algunhas melloras na web que quedan pendentes de anos anteriores, entre elas a eliminación ou ocultación da información duplicada que aparece nos perfís e galerías das persoas socias. O ideal é ocultar o perfil en si para que o enlace de cada socia/o leve ao usuario/a directamente á galería, onde tamén se atopa toda a información. Deste xeito elimínase a información duplicada e o acceso é máis eficiente e directo.

- **Día da Ilustración 2024. Adicado a Chichi Campos (en curso)**

Laura comenta que tras anos de suxestións do nome de Chichi Campos á Xunta para adicarlle este día, nesta ocasión a AGPI enviou directamente o seu nome e non unha lista de suxestións. Por parte das EASD houbo unha boa acollida neste sentido.

- **XXI Encontro Galego de Ilustración 2024**

Iria Ribadomar co apoio doutras socias, propón que, a maiores da programación oficial do Día da Ilustración, as socias e socios da AGPI celebren tamén dalgún xeito a 'Noite de Castelao' na véspera do 30 de xaneiro, para darlle o recoñecemento que se merece ao autor e debuxante dado que o Día da Ilustración eclipsa a súa figura (a data corresponde ao día do seu nacemento)

Houbo debate sobre o funcionamento da Xunta de cara as negociacións no ámbito cultural e o maior ou menor peso que teñen as diferentes partes do sector cultural. Hai un descontento co funcionamento do Día da Ilustración xa dende os diferentes membros da directiva (Sergio ou Laura Romero) como por parte de varios socixs, como Iria falando do diferente

trato ás distintas entidades como por Bernal, falando dunha maior implicación do concello da Coruña en actos culturais.

Para **tratar en profundidade a cuestión do funcionamento do Día da Ilustración** (non estamos conforme a cómo se están a facer as cousas) e a **posible suba das cotas de persoas socias**, que tamén se atopan conxeladas desde hai moitos, decídese por **unanimidade convocar unha Asamblea Xeral Extraordinaria en próximas datas** para falar disto xa que son cuestións importantes e que deberían ter maior participación de socios/as.

6. Presentación de novos candidatos para a xunta directiva

Na presente Asamblea danse de **baixa** da xunta directiva as seguintes persoas:

María Álvarez Hortas
Álvaro Sempere
Iria Ribadomar
Sergio Covelo
María Ruíz

Presentan a súa candidatura para entrar na xunta directiva a seguinte relación de persoas socias:

Rebeca Varela
Chus Rojo
Lara Ingelmo
Clara Cerviño
Aaron Fernández (Aaronidas)

Procédese á votación e **apróbase a nova xunta directiva por unanimidade**.

Sergio comenta que malia que a partires de agora xa non forma parte da xunta directiva, segue vencellado á actividade de xestión da AGPI como secretario técnico.

7. Rogos e preguntas

Non se producen rogos e preguntas polo que a Presidenta e o Secretario proceden a pechar a Asamblea Xeral Ordinaria 2023.

